

Ministerio de Interior.

Grupo de traballo Temporalidade e Emprego. Formación. Comisión Nacional de Riscos Laborais. Novembro 2023.

Achégase información das xuntanzas celebradas os días 28 e 29 de novembro, convocatorias que foron basicamente de traslado de información. Agardamos que os grupos de traballo e mesa delegada previstos para decembro permitan unha maior participación sindical e dean conta das cuestións que se demandan.

Concursos de traslado: informan de que a Comisión de valoración do concurso específico da DGP será convocada para traballar nas valoracións a semana despois de Reis. Publicarán o xoves día 30/11 a relación definitiva de admitidos e excluídos.

O concurso xeral de Garda Civil terá que agardar a que se remate co anterior e outros de menor entidade de ámbito secretaría/servizos centrais que están en marcha, polo que irá como moi cedo para o segundo trimestre do 2024.

O vindeiro concurso xeral do ámbito da DGP está xa case para publicación en BOE, e convocarán uns 545 postos, pero agardarán para que se publique á volta das vacacións de Nadal para evitar que volva coincidir o prazo de solicitudes con período vacacional. Desde a CIG reclamamos que tras a saída de 11 funcionarios da comisaría de Vigo no último mes para outros organismos, se inclúan estas prazas -que non estaban previstas- no concurso.

A Administración está a considerar, xa que non poden contemplar fase de resultas, e con posterioridade inmediata a súa resolución, a posibilidade de convocar un segundo “concuso B” coas prazas do ámbito que, por adxudicación no primeiro, fiquen vacantes.

A evolución na porcentaxe de temporalidade do organismo á penas variou e seguimos mantendo un 48% en Policía e un 37% en Garda Civil de prazas ocupadas de xeito non definitivo. Por outro lado: un 15% de persoal en DGP, e un 10% en GC teñen 60 anos ou máis!! As ofertas de emprego queda claro que son insuficientes e, sobre todo, que chegan tarde.

Ademais, a relación de interinos contratados a través do Plan de identidade dixital é claramente insuficiente, e por riba, non parece que se seguran criterios moi razoables para envialos a según que centros de traballo. Viñeron autorizados 150 contratados (por dous programas distintos). Ante as nosas preguntas sobre os criterios

de escolla (centros de traballo de destino) a Administración non achega resposta máis alá de vaguidades sobre criterios organizativos, polo que teremos que trasladar esta cuestión ao vindeiro Grupo de traballo de policía previsto para decembro.

Sobre a proposta de estudo para a singularización de postos no ámbito da DGP, a Administración, escudada na interinidade do goberno destes meses, admite que non fixo ningún adianto, comprometéndose a impulsar un estudo da situación agora que se sabe que non hai grandes cambios no ministerio.

Na Comisión Nacional de Riscos Laborais deron datos sobre o número de funcionarios/as de corpos xerais que solicitaron este ano pasar o recoñecemento médico. Supostamente as secretarías xerais reciben e trasladan información sobre as convocatorias para que o persoal non policial poida anotarse, polo que queda a dúbida de se a baixa inscrición é por falta de interese ou porque a información non se traslada debidamente. No caso de que detectedes que nos vossos centros de traballo non se publican os avisos de recoñecemento tamén para vós, podedes enviarnos recado para facer a oportuna reclamación.

Solicitouse que se acrediten adecuadamente ás delegadas de prevención para facilitar as labores de visita. Farase tan pronto se constitúan os comités territoriais novamente tras as eleccións sindicais de xuño, así como se reciban os nomeamentos.

En materia de prevención están elaborando a proposta de formación para o 2024, pero repetirán os cursos do ano anterior (escola de espalda, técnicas de relación, básico de prevención) e teñen interese en incluír algún sobre prevención do suicidio para persoal non policial.

Na xuntanza de formación, celebrada o día 28/11, informouse da execución do Plan 2023. A formación online, ao abaratar custes, permite mellorar a oferta de cursos e que cheguen a un maior número de empregados/as. Están a traballar para adiantar a proposta do 2024 e que así comecen os cursos antes do que é habitual e que dea tempo executar o orzamento completo. Se tedes propostas nesta materia, podedes achegalas desde xa.